



Augas de Galicia segue sen comprometerse para solucionar os problemas de enchentes en Cuntis

Este venres tivo lugar na sede do organismo autonómico unha reunión na que participaron o Alcalde de Cuntis e os voceiros do BNG e de Veciñanza (coa incomprendible ausencia do Partido Popular). O encontro tivo lugar a partires da moción de Veciñanza aprobada no pleno anterior.

Cuntis, 18 de marzo de 2016. Este venres tivo lugar nas dependencias de Augas de Galicia unha reunión entre o Director e o Subdirector deste organismo da Xunta e os voceiros dos grupos municipais da Corporación de Cuntis, agás o Partido Popular que decidiu non asistir. O encontro producíase [logo de aprobarse unha moción de Veciñanza no pleno do mes de xaneiro na que esixiamos solucións para os reiterados problemas de enchentes](#) que vén padecendo a nosa vila case cada inverno.

A nosa valoración non pode ser moi satisfactoria, xa que saímos con escasa concreción por parte do Director de Augas de Galicia e moi pouca determinación para entender e abordar unha situación que se repite case cada inverno en Cuntis.

Os asuntos tratados foron os seguintes:

- Plan de Risco de Inundacións. Augas de Galicia non aceptou as alegacións formuladas ata a data e excluíu neste plan unha das zonas máis conflictivas cando se producen enchentas, como é a confluencia do regato de Trasponte co Río Gallo á altura da N-640, na saída cara a Caldas. O Director de Augas de Galicia non foi quen de explicar o motivo dexa exclusión e aludiu a 'criterios técnicos'. Santi Martínez, voceiro de Veciñanza, esixiu que se atendan as alegacións presentadas e se complete o mapa de riscos para que poida ser útil e eficaz.
- Formulouse tamén a necesidade de actuar nos cauces fluviais (con todo o coidado e respecto medioambiental e biolóxico necesario) como medida imprescindible para evitar futuras enchentas.
- Abordáronse os problemas da depuradora de Meira e o 'Tanque de Tormentas' construído e xa asolagado o pasado mes de xaneiro. Igualmente tratáronse as deficiencias que actualmente presenta a rede de saneamento da vila.
- Finalmente, expúxose a necesidade de conservación medioambiental tanto da contorna como do propio encoro do Umia, que actualmente se atopa en estado de total abandono. Así mesmo, preguntamos polo investimento prometido no Plan Umia (22 millóns de euros no periodo 2011-2015) ao que os responsables de Augas de Galicia non souberon ofrecer resposta ningunha. **Veciñanza presentará no próximo pleno unha moción para que a Corporación debata precisamente este asunto e o Goberno Local esixa responsabilidades a este respecto.**

De entre as conclusións que cómpre tirar deste encontro hai que salientar que quedou en evidencia o nulo interese do Partido Popular por buscar solucións a un dos principais



veciñanza

problemas estruturais que hoxe padece Cuntis. Tanto a nivel local, ao non asistir a esta reunión ningun dos seus concelleiros como dende a propia Xunta de Galicia, demostrando unha nula sensibilidade ante situacións que xa coñecen de sobra.

Veciñanza seguirá traballando, na medida das nosas posibilidades, por acadar compromisos concretos, investimentos necesarios e actuacións eficaces para solventar os problemas que actualmente padecen os veciños e veciñas de Cuntis tanto en materia de enchentes, como de saneamento e todos os que de aí se derivan. A nosa esixencia ao Goberno local será permanente neste sentido e impulsaremos, igual que o fixemos para conseguir esta reunión, máis iniciativas dende a nosa postura de plantexar unha oposición útil e responsable.